GALICIA E A SÚA ARQUITECTURA: DO ECLECTICISMO AO MODERNISMO (1875-1914)

Por XOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Doutor en Historia da Arte

Tese de doutoramento defendida na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago

«Galicia e a súa arquitectura: Do eclecticismo ao modernismo (1875-1914)», é un percorrido gráfico e histórico-arquitectónico polo feito constructivo en Galicia no lapso de tempo definido, que ten como fío conductor a obra dos arquitectos municipais e provinciais residentes e en activo na rexión, nun período que ten a suficiente unidade como para permitir un estudio xeneralista e asemade pormenorizador e de investigación exhaustiva.

A delimitación temporal do traballo, se ben adoece de certa arbitrariedade, propia certamente de calquer corte histórico destinado a acoutar unha parcela significativa de acontecementos, con obxecto de actuar convenientemente en tal territorio para rescatar do anonimato feitos de interese e proveito, e ordea-los mesmos con criterio e lóxica para a súa transmisión e divulgación, non carece de sentido e lexitimidade. A Restauración alfonsina inda que en si non supoña un corte brusco co anterior, non pode negarse que ao favorecer en termos xerais unha descoñecida estabilidade política e económica, propiciou melloría nalgús sectores económicos de Galicia e coadxuvou ao despegue doutros novos, o que finalmente acabará traducíndose nun desenvolvemento importante da actividade constructiva, e nun cambio de ritmo desta con respecto ao que era usual durante o reinado de Isabel II. As mellores expectativas económicas a partir de 1875, permitirán un rápido aceleramento da industria da construcción e sosterán unha dinámica expansiva ignota no sector. Así, e a partir daquela, chegan a Galicia movidos pola facilidade e proveito de desempeña-la profesión na rexión, bo número de arquitectos nacidos noutras partes da península, dándose a curiosa circunstancia de que os primeiros titulados pola nova Escola de Arquitectura de Madrid chegados aquí, non eran galegos. Atraídos polos cargos de facultativos municipais e provinciais, e pola facilidade de poder exerce-lo oficio sen a penas competencia, instalaranse nas distintas capitais de provincia con desafogo e comodidade.

A importancia de tales titulados é grande, por canto a eles se debe a incorporación decidida de Galicia ao movemento renovador do eclecticismo, estilo que desde mediados do XIX estaba xa a responder no resto do país á cultura arquitectónica académica, e que buscaba se-la resposta válida ao camiño sen saída e á frouxidade compositiva á que chegara o último neoclasismo. Coincidindo cun momento económico favorable, estes arquitectos desenvolverán unha actividade arquitectónica verdadeiramente notable. A súa autoría ou baixo a súa autoridade iniciouse e levouse adiante a renovación do casarío e da vivenda doméstica a que obrigaban os tempos, supoñéndolles a tarefa un esforzo non pequeno. E a eles débense igualmente as construcción públicas, de recreo e comerciais que demandaba a sociedade burguesa do momento, o forte crecemento das Administracións Públicas e as modernas esixencias educativas e de solaz dunha sociedade que experimentaba a cotío importantes cambios, e que trataba de modernizarse aceleradamente superando a correr, pautas, modos e usos impropios do seu tempo. O eclecticismo experimentará ao seu lado un forte desenvolvemento, chegando a dominar a finais do século a totalidade da experiencia edilicia.

O que se deu en chamar modernismo, e que en realidade foi un esforzo de autorrenovación do propio feito ecléctico exercido con vontade compracente e manierista en connivencia coa burguesía de negocios e comercial, ao non romper coa metodoloxía de proxecto e a mentalidade tolerante e singularizadora do precedente, e exercer máis ben como fase epigonal efectista e escenográfica do xa coñecido, non podía desprenderse sen dano para a historia da arquitectura, da cultura que a antecedeu e á que está intimamente unida, pois non en balde os artífices do gusto moderno non serán outros que os eclécticos de antes ou xoves academicamente educados no eclecticismo. O derrubamento en Galicia do modernismo de tradición vienesa cara a 1914, permitirá cerrar con autonomía suficiente un certo capítulo do eclecticismo, o final do cal como estilo producese en torno a 1930 coa difusión do racionalismo internacional. O límite por arriba da investigación está pois en función de tal feito, e do conseguinte abandono da corrente secesionista por parte daqueles que no seu día a defenderon con máis virulencia e desinteresado entusiasmo.

Para levar adiante a investigación consultáronse máis de trinta arquivos oficiais e privados de toda Galicia, e os arquivos madrileños que poderían ofrecer interese (Histórico Nacional, Xeral de Palacio, da Academia de Belas Artes de San Fernando e de Alcalá de Henares). Particularmente exhaustiva foi a busca de información nos arquivos municipais e diocesanos pola indubidable importancia que os mesmos tiñan, ao xira-lo groso do estudio sobre a arquitectura das capitais de provincia. A recollida de documentación bibliográfica en distintas bibliotecas da rexión e de Madrid, e a lectura paciente dos diversos xornais editados en Galicia entre 1875 e 1914, actividade a que se dedicou tempo e vontade, habían de completa-las fontes a utilizar para redactar esta tese de doutoramento, iniciada en outubro de 1986 baixo a dirección do catedrático de Historia da Arte da E.T.S.A. de Madrid, Pedro Navascués Palacio.

En canto á presentación do traballo, este divídese en tres bloques ou unidades informativas dotadas de autonomía, pero que en conxunto contribúen a definir de forma completa o período histórico estudiado. A parte literaria, que comprende seis tomos de texto e tres apéndices documentais, analiza os diversos episodios constructivos de forma discursiva ou a modo de catálogo, agrupando estes en capítulos cerrados e autosuficientes, que pretenden tanto amosa-la independencia das obras, como inclui-las mesmas no contexto tipolóxico que lle é propio. As vintenove caixas de fotografías serven á comprensión do texto, ao permitir cotexa-la información escrita coa ralidade construida ou o universo proxectual ideado polo arquitecto. O numeroso material fotográfico reunido (cerca de 2.800 negativos), e boa parte del inédito, é unha contribución máis ao período da arquitectura estudiado. Pola súa banda os cinco planeiros cos seus 275 debuxos, reelaborados ou medidos do natural para esta tese cunha calidade e traballo non moi correntes, permiten enfrontarse á arquitectura ecléctica e modernista desde unha óptica inusual para a historiografía tradicional, pero claramente necesaria cando o que se pretende é entende-lo feito arquitectónico na súa totalidade, para o cal é de necesidade acudir á ferramenta de traballo propia da arte que se investiga.

Fig. 1.—A PARTE GRÁFICA DA TESE ESTÁ INTEGRADA POR 275 CUIDADOS DEBUXOS, REALIZADOS CUNHA CALIDADE E TRABALLO NON MOI CORRENTES. (FOTO: PAZO DO MARQUÉS DE LOUREDA. OLEIROS. A CORUÑA).



Fig. 2.—BAIXO A DIRECCIÓN DO AUTOR DA TESE, UN EQUIPO DE ALUMNOS DA E.T.S.A. DE A CORUÑA LEVOU ADIANTE DURANTE TRES ANOS A PARTE GRÁFICA DA INVESTIGACIÓN. (FOTO: PAZO DO MARQUÉS DE LOUREDA. OLEIROS. A CORUÑA).